



## RUTA DA PEDRA DO LOBO

### A Corredoiro da Pedra do Lobo

A Comunidade de Montes de Santiago de Covelo ten acondicionado unha ruta de sendeirismo. No seu percorrido podemos coñecer diversos ecosistemas, coma o bosque de ribeira, as brañas, as matogueiras, os prados e os pequenos bosques. Ademais deste variado patrimonio natural, cómpre admirar muíños, cruceiros e petróglifos, así coma outras manifestacións da relación do ser humano e a natureza.



O sendeiro constitúe unha ruta circular de 4,4 kms que ten coma principio e fin o Castro de Santiago de Covelo. Principia nas abas do Castro para discorrer paralelo ao río Ponte Piñeiros.

Lonxitude do trazado: 4,4 km  
Duración media: 2 horas  
Grao de dificultade: Medio - baixo



### Principais ecosistemas do sendeiro

Bosque atlántico húmido    Bosque de ribeira    Brañas e turbeiras    Matogueiras e monte baixo



A Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Santiago de Covelo fai unha xestión do seu monte na que procura facer compatibles as distintas funcións ecolóxicas, sociais e produtivas.



## RÍO DA PONTE PIÑEIRO

Está vostede nunha propiedade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Santiago de Covelo. Esta comunidade fai unha xestión forestal na que procura facer compatibles as distintas funcións ecolóxicas, sociais e produtivas do seu monte. Faga un uso responsable desta área e da natureza do seu contorno. Grazas.



### A Corredoiro da Ruta da Pedra do Lobo

A Comunidade de Montes de Santiago de Covelo ten acondicionado unha ruta de sendeirismo coa que os camiñantes poderán coñecer os distintos medios naturais, os pasteiros, os bosques de ribeira, as carballeiras e as brañas, así coma distintos elementos do patrimonio etnográfico e arqueolóxico, coma cruceiros, pontellas, castros, petróglifos ou mámpas.



As ribeiras do río Ponte Piñeiros presentan un tipo particular de bosque no que predomina o amieiro e o salgueiro. As raíces destas árbores atópanse moitas veces somerxidas na auga, sendo importantes para a estabilidade das ribeiras.

As beiras do río da Ponte Piñeiros é o hábitat da saramaganta rabilonga (*Chioglossa lusitanica*), unha das xoias do patrimonio natural galego. A saramaganta é un endemismo ibérico que en todo o mundo só pode atoparse nalguns puntos do norte de Portugal, occidente de Asturias e Galicia. Vive en pequenos regatos, con augas non contaminadas e ben oxixenadas. Onde existen bosques atlánticos ben conservados pode vivir afastada das correntes de auga. A cuberta arborea favorece un microclima onde a humidade do chan e do ar permiten a actividade dos anfibios.

